

EXPOSICIÓN

Inauguración o venres 17 de xuño de 2011, ás 20.30 h,
na Sala de Exposicións “Xosé Rey Lago”
dos Muíños de Acea de Ama (O Burgo-Culleredo)

Do 17 de xuño ao 20 de xullo de 2011.

Horario:

Luns a venres: de 18.00 a 21.00 h.

Sábados: de 12.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h.

Edificio de Servizos Múltiples (O Burgo)

Tfno: 981665597 Fax: 981661748

Email: servizosmultiples@gmail.com



FELIPE CRIADO



Presentación

Un dos mestres da pintura galega, un dos artistas máis importantes do último medio século, Felipe Criado, trae a súa obra á Sala de Exposicións dos Muíños de Acea de Ama.

Pero falar de Felipe é tamén falar dun docente que exerceu o seu maxisterio, como catedrático de Debuxo, tanto no que é na actualidade a Escola “Mestre Mateo” de Santiago, como no Instituto “Eusebio da Guarda” da Coruña, iluminando co seu saber a ducias e ducias de promocións de alumnos e alumnas.

Por iso é un privilexio para a nosa Sala poder acoller esta exposición, que é especial porque serán obras que nunca antes se viron. E porque é o colofón, ou o ramo de loureiro, das celebracións do décimo aniversario das salas cullerdenses que fomos desenvolvendo nestes primeiros meses de 2011.

Só me resta animar a todas as persoas amantes da arte que nos acompañan a cotío, a que se acheguen para disfrutar do espléndido traballo do noso amigo e transmitirle a nosa admiración e o noso cariño.

Celestino Poza Domínguez
Concelleiro de Cultura

Datos biográficos

Naceu en Xixón en 1928. Chegou a Galicia cando só contaba oito anos. Ourense, Santiago e A Coruña son as cidades nas que vive cos seus pais. Na Guerra Civil é testemuña do bombardeo de Santander pola aviación da Lexión Cóndor, que resultará unha experiencia traumática para o pintor. En 1949 inicia unha longa inactividade a causa dunha tuberculose. Coñece ao mestre Asorey, quen lle brinda a súa amizade, os seu estímulo e o seu taller, circunstancia decisiva para a súa posterior dedicación á plástica e aos estudos de Anatomía Artística.

En 1954, ano no que realiza a súa primeira exposición individual en Santiago, ingresa na Escola Superior de Belas Artes de San Fernando de Madrid, onde recibe clases de eminentes profesores, como Joaquín

Valverde, Lafuente Ferrari, Francisco Soria e Ramón Stolz, e onde ten como compañeiros a outros importantes pintores como Lucio Muñoz, Amalia Avia, Antonio López, María Moreno, Zarco, Alcorlo e Isabel Quintana. Dous anos despois participa no seu primeiro concurso-exposición, que se celebrou en Sésamo de Madrid. Finaliza a carreira de Belas Artes en 1959. Despois viaxa por España e Europa visitando os principais museos e colabora como crítico de arte no periódico *La Noche* de Santiago.

Autor de murais, ilustrador de libros, deseñador de pezas de cerámica, en colaboración con "O Castro", as súas obras figuran nos fondos dos máis importantes museos e coleccións de España, entre elas na Universidade de Santiago, Museo do Pobo Galego, Academia de Belas Artes, Salomon by Company de Londres, CGAC, Real Academia Galega, Museos de Lugo, A Coruña, Oviedo, Ferrol..., Parlamento de Galicia.

É membro da Real Academia Galega de Belas Artes “Nosa Señora do Rosario”. Está en posesión de diversos galardóns, como a medalla de prata da Exposición Trienal de pintura, escultura e gravado de Santiago.

Ten realizado exposicións, individuais ou colectivas, en lugares como A Coruña, Vigo, Santiago, Ourense, Ferrol, Pontevedra, Vilagarcía, Cambados, Sanxenxo, A Toxa, Cambre, Madrid, Salamanca, Xixón, Oviedo, Barcelona, Córdoba, Huesca..., e en países como Portugal, Honduras, Arxentina, Chile, Brasil ou EEUU.



Na súa obra artística Felipe Criado ten traballado moito a figura, pero tamén a paisaxe con figura e, sobre todo a figura feminina. El mesmo afirma que “teño pintado moitos nús, pero máis que preocupado pola beleza en si mesma, estou preocupado polo mundo feminino. Neste aspecto a contemporaneidade veu darme a razón, pois cando en España era case un pecado facer un nú, eu xa os facía”.